

1. O tamaño dos carteis será A3.
2. Os carteis deberán ser orixinais e inéditos. O CIM declina a responsabilidade no caso de que se presenten copias ou plaxios doutros autores.
3. Os carteis, redactados en galego, levarán de xeito **visible** a lenda “**25 de Novembro, Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres**” .

Presentación

4. Os carteis serán entregados por un/ha representante do centro educativo no Centro de Información ás Mulleres sito na rúa de Pazos Fontenla, 29, 2º andar, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:30 horas. O centro achegará unha lista co número de carteis presentados por cada curso participante, que poderán xuntar dixitalizados , o que non substituirá o cartel físico.

CIM-Bueu, Pazos Fontenla, 29, 2º andar

5. No reverso do cartel deberán figurar o nome e apelidos do/a alumno/a , o curso e centro donde estuda.
6. O prazo de presentación de orixinais abriráse o día 11 outubro e rematará **o 12 de novembro**.

Premios

Haberá tres premios: un para o mellor cartel de educación primaria e os outros dous a repartir entre o mellor cartel da ESO e de Bacharelato. O xurado poderá otorgar as mencións especiais que considere oportunas. Os premios consistirán nunha **TABLET CORTEX con pantalla de 7 pulgadas A-8 512 GB RAM HASTA 32 GB**.

Xurado

O xurado estará composto por:

- Luís Davila, debuxante do Faro de Vigo.
- Filomena Blanco Garrido, psicóloga do CIM.
- Montserrat González, directora do CIM.

O fallo do xurado farase público entre os días **12 e 13** de novembro e se comunicará ós/ás gañadores/as, a través dos centros educativos. O xurado decidirá cal dos carteis premiados se utilizará como soporte publicitario do Día Internacional da non Violencia contra as mulleres.

A entrega de premios se levará a cabo o 23 de Novembro, ás 12.00 h, nun acto público presidido polo Sr. Alcalde no Salón de Plenos do concello de Bueu , acompañado por membros da Corporación.

Condicións

O CIM resérvase todos os dereitos para a utilización, reprodución e difusión dos carteis premiados.

Observacións

A participación neste Concurso supón a total aceptación das súas bases e do fallo do xurado.

Obxectivo

Acadar unha maior sensibilización social nos escolares na prevención e erradicación dos comportamentos violentos contra as mulleres.

Participación

7. Poderán participar no concurso todos os centros de Bacharelato ,ESO e terceiro ciclo de Primaria do Concello de Bueu.
8. Cada participante presentará un máximo de 2 carteis. Non se admitirán traballos en grupo. Se valorará a orixinalidade e creatividade na realización dos traballos.

**X CONCURSO DE CARTEIS
“CONTRA A VIOLENCIA DE
XENERO”**

Co gallo da Conmemoración, do día 25 de Novembro de 2012, *Día Internacional da Non Violencia contra a Muller*, o Centro de Información ás Mulleres, convoca entre os centros de Educación Primaria, ESO e Bacharelato do concello de Bueu, o *X concurso de carteis* sobre “**A Violencia de Xénero**”.

Información:

Centro de información ás Mulleres

Pazos Fontenla, 29, 2º andar Teléfono: 986324395/

Fax: 986324339

Organiza



Colaboran

**Centros de Primaria, ESO e Bacharelato
do Concello de Bueu**

**X CONCURSO DE CARTEIS
“NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO”**



**Organizado polo Centro de
Información ás Mulleres
do**

Concello de Bueu.